



# **NOITE DE MUIÑADA**

XII CONCURSO DE CUENTOS REPSOL, S. A.

SEGUNDO PREMIO EN LENGUA GALLEGA

Autor: **Alberto Dafonte Gómez**

ANO 1999

Foi tempo de caeren as castañas, hai xa ben anos. Nun dos muíños do río atopábase un grupo de xente pasando a noite a moe-lo gran. Afora arroiaba a cho-ver.

O río baixaba cheo e o rodicio do muíño non daba feito. O vento bruaba sobor das tellas e baixo elas un fato de corpos cansos vixiaba que non lle faltase millo á moa.

O muiñeiro, canso de alimenta-la roda todo o día, picaba follas secas de tabaco nunha taboíña rillada xa polas innúmeras dentadas do gume da navalla, alumeado a medias por una lavareda pequena, arredor da que se agrupaban as catro figuras.

O tío Bernal, grande e forte coma un oso na súa mocidade, prendía un cigarro cunha brasa mentres se dispuña a contar unha daquelas historias que facían que a xente rira a cachón ou que estarrecese co medo, e que o tempo, co seu habitual e gravoso abalo, pasara sen advertirse por entre eles. O tío Bernal traballara ata había pouco nas minas do mineral, que abastecían de wolframio á industria bélica europea, pero como xa ía vello para iso, agora só se dedicaba á facenda e a «endeñar», segundo el, pola horta adiante.

Sabedor de que a noite se ía facer longa, o vello narrador dispúxose a escomezar polos contos máis paveros, de cando estivera emigrado no Brasil e cruzara o Amazonas nunha burra que ó saír da outra banda ía xa sen os zancos de atrás, ou de cando, indo pola selva sentou nunha torada que resultou ser unha ana-

conda grandísima. Estes contos fixeron rir moito ós presentes, que o gababan e o chamaban tarabelo entre as gargalladas. Mesmo ría a tía Navia que ía a cotío coa cara enrugada e tristeira, e con bolsas nos ollos de tanto chorar a morte do seu home. O home da tía Navia, que se chamaba Dionisio, tiña unha grande fama de bebedor. Era dos que almorzan unha copa de augardante do país cun codelo de pan e pasan o resto do día entre grolos de viño e de licor café.

Morreu nunha noite moi clara e moi limpa do verán. Nunha noite de luar. Voltaba ó pobo despois de ter pasado polas tabernas de medio concello, tambaleando pola estrada adiante. Sentou na varanda da Ponte Nova a botar un cigarro. Á mañá seguinte apareceu a cinsa do cigarro consumido na varanda da ponte e o corpo do finado tres metros máis abaixo, afogado no río. A pobre da viúva botou meses chorando e coa desesperación e a anguria patentes no ollar, e nembargantes as tarabeladas do tío Bernal fixérala rir.

O tío Bernal sempre fora un trangalleiro. Cando aínda traballaba nas minas do mineral e traía cartos no peto comprara a mercancía toda dunha taberna para botar a dous tipos que o andaban a amolar. Pero xa naquel tempo traía sona tras de si.

Entre o xogo de luz-e-sombra que provocaban as lapas da fogueira entrevíanse os ollos pensativos do Inocencio, un mozote medio parvo, que cavilaba para si se a historia do tío Bernal serían certas ou non. O Inocencio quedaba pampo ollando coma as verbas e os

silencios agromaban na gorxa enrugada e gabeaban cara os beizos enxoitos, dos que, ocasionalmente, penduraba un pito mal liado, para espallarse polo aire cobrando un significado máxico e incognoscible.

Tras facer unha breve pausa, para darlle unha calada ó cigarro, o vello narrador fixo memoria por un intre e cun sorriso de aprobación para os seus adentros comezou a relatar:

—Cando eu era mozo estivera unha temporada falándolle a unha rapaza xeitosa que me miraba con moi bos ollos. Vivía nunha casoupa de terróns nun pobo preto da veiga a onde eu ía coas vacas, polo que nos viamos decote. O problema era a sogra, que non vía en min un mozo «de rumbo» axeitado para a súa filla. O caso é que a vella puxo fin un día ás nosas entendedelas antes de que lle puxese as mans enriba á filla e fose tarde de máis. Días despois achegueime con mois malas intencións ata alí, cun amigo por se saía o pai, que anque era miúdo igual se defendía, e coma quen se pon a destripar terróns, desfíxen a sachazos a chabola da vella lurpia.

A xentiña aquela escachaba coa risa e as gargalladas daqueles corpos mallados e malnutridos durante anos ferían a seria e espesa negrura da noite, atravesada por milleiros de escintilantes fíos de prata.

O tío Bernal desfrutaba véndose querido e aplaudido por todos. A súa vida era un conto tan interesante que só precisaba esaxerar un chisco os acontecementos para que fosen as historias máis apaixonantes xamais contadas.

O muiñeiro pousou a taboíña cunhas frangullas de tabaco sobre ela e foi cara á moa a recolle-la fariña e a meterlle outro saco de millo. Era un home traballador, que falaba pouco por deixar falar ós que sabían máis ca el. Realmente era un home moi sabio. Coñecía moitas clases de herbas, árbores, flores e cogomelos que empregaba para facer menciñas. Tiña unha certa sona de sanador e menciñeiro aínda que só entre as xentes do lugar. El dicía que os remedios todos estaban no monte e que a súa ciencia só consistía en sabelos mesurar. Aprendera as súas artes dunha avoa do seu pai, que vivira moitos anos, e era visitada por xentes de toda a bisbarra por casos de mal de ollo, torceduras e estrañas enfermidades. El era un cativo curioso e a vella, que lle tiña moito agarimo, fóralle destilando ás pingas algúns dos ancestrais segredos que gardaba no soto das súas lembranzas.

As tres figuras ollaban para o muiñeiro que sentaba outra vez, e o tío Bernal, cun novo aceno, voltou a atrae-la atención cara si:

—Cando eu era mozote e comezaba a saírme pola cara unha pelusiña coma de veludo, escoitaba a miña avoa sempre a laiarse por ter que come-los figos que caían no chan cando xa se pasaban de maduros. Ela era moi larpeira e coñécese que así, medio podres, non lle gorentaban. Como eu era moi bo neto púxenme a cavi- lar no asunto e ocorréuseme unha idea. Tiñamos na casa unha canistrela xeitosa, e como a vella cabía ben nela, subina cunhas cordas, alí metida, ata onde lle chegase ás canas. A vella comezou a comer nos figos.

A cousa ía ben pero as cordas foron cedendo e a vella caeu cos figos e coa canistrela ata dar co cu no chan.

Estando o tío Bernal entre eles o tempo pasaba de xeito que ninguén se decataba e as súas verbas tépedas arrolábanos a través da rutina cotiá. Daba gusto escoitar as historias daquel vello que tanto vivira e tan ben o contaba.

A tía Navia recolleuse en si mesma, coma se estivese a desenredar un novelo no maxín, e viu con claridade a figura daquel home algareiro e trangallán que tantos desgustos lle dera, bailando borracho encol das augas do río mentres se ía afundindo con aquel sorriso tan amplo e artificial que lle outorgaba a ebriedade. Abriu os ollos de súpeto, espantada pola abominación que concebira sen querer, xusto a tempo de escoitalas palabras coas que o vello iniciaba tódalas súas historias:

—Cando era eu mozo, e este é un conto serio, ía tódolos días co gando á Veiga. Isto que vos vou contar aconteceu un día de moito sol e moita calor, a dúas semanas, máis ou menos, das festas do patrón. Era xa pola tardiña e ía voltar coa facenda para a casa, cando unha moza loira, cos ollos mouros, toda vestida dunha cor branca relucente, veu cara min cunha gracia no andar que mesmo semellaba que flotara entre a herba e o ceo. Nada máis vela quedei tan apampado que non lembro xa nin o que me dixo, pero fun tras dela coma un can que segue ó dono ata onde ela me quixera levar. Chegados á beira do río comezou a espirse e quedou

nun camisón, branco tamén, que reflectía aínda máis que a outra roupa que quitara, que, de xeito inexplicable, penduraba na cana dun amieiro.

A rapaza comezou a meterse nas minguadas augas do río, e dirixiuse cara unha poza dunha certa fondura onde quedou, sorrinte, a chamar por min. Ó momento vinme, coma se estivese fóra do meu corpo, avanzando cara ela, que me extendía os brazos amorosos para xunguirme a ela nun tépedo abrazo. Cando os seus brazos rodearon o meu corpo, sentín, de súpeto, como turraba de min cara ó fondo coa forza dunha besta enrabechada, unha forza tal, que nin eu, tan grande como era, nin sete coma min teríamos sido abondo para resistir. Cando notei que a auga xa me asolagaba os pulmóns sentín tanto medo a morrer que quedei coma un boneco de trapo a afundirse no río. Só sentía unha friaxe que me gabeaba polo serrizo e que se estendía dende aí ata tódolos recantos do meu corpo enchoupado.

A xente que me sacou da auga, que me trouxo de volta a este mundo, contoume que me viran camiñar pola veiga cara ó río coma se turrasen por min, e que, tras meterme nunha poza que facían as augas comecei a bracexar e a berrar, de xeito que, alarmados, viñeron a acudirme. Un home meteuse na poza para sacarme porque eu xa estaba coma morto, indo cara ó fondo no canto de aboiar. Á moza ninguén a viu.

A faciana dos presentes amosábase entre a incredulidade e o temor. O Inocencio, tan cándido, ollaba

espantado cara tódolos recunchos escuros e cara tódalas sombras que facía a lavareda adiviñando a presenza daquela brancura reflectante.

O redobre da chuvia encol das tellas fería o silencio que provocara a historia do tío Bernal. Este, cun novo cigarro nos beizos, ollaba satisfeito o efecto da súa historia entre aquela xente.

Quen máis e quen menos, tiña o desacougo metido no corpo, e todos miraban de cara ó lume sen atreverse a fitar a escuridade na que se acubillaban tódalas ánimas. Pero sen dúbida era o Inocencio o que máis medo collera. Foi el xustamente o que entre desculpas se despediu dos presentes e colleu camiño cara a casa, deixando alí o gran que levara.

A tía Navia dicía que o rapaz non debía ter marchado, que a noite era moi fría e moi pecha, e que non sabía quen podía andar polos camiños a aquelas horas. Os dous homes, que o tentaran convencer de que non marchara, dicían que non había volta, e que seguro que non lle pasaba nada, que a esas horas xa ninguén, nin anxo nin demo, se metía polos camiños. A verdade é que non houbera xeito de reter ó Inocencio no muíño.

O mozo ía con paso apurado, albiscando de cando en cando, entre as sombras, unha máis escura, máis estraña. A chuvia caía fría e mesta, e case non o deixaba ver as fochancas da rodeira pola que ía. Cada vez ía máis apurado, máis mollado, máis só. Cheo de medo. En tódalas silveiras algo fitando para el. Estaba certo. Sen poder aturar máis, o mozo iniciou unha carreira

desesperada, fuxindo daquelo desacougante e omnipresente, caendo ós poucos no chan lamacente, totalmente apreixado polo pánico. De socato, sentiu que algo o collía polo ombreiro.

O Inocencio xacía na lama cando o atoparon, á mañá seguinte. Orballaba. Da súa caluga xaíra o sangue, xa coagulado, como pode saír a auga dunha fonte. A súa face, branca coma a cal, repousaba nun lenzo mesto cor vermella, e os seus ollos, abertos de xeito arrepiante, fitaban cara o ceo infindo que esbagoaba sobre o corpo do finado.

Todo o pobo chorou a morte do pobre Inocencio, que fora morrer coa cachola fendida contra unha pedra. Todo o pobo lamentou o desafortunado caso e todo o pobo acudiu, de xeito mecánico, a darlle o pésame á familia e a dicirlle á nai, como se fose unha confianza, que non somos nada. O día do enterro do Inocencio o camposanto do pobo acolleu no seu seo tres corpos máis.

Aquela noite no muíño non houbera ninguén. Só o Inocencio e as ánimas de tres persoas, que por cousas dos fados, morreran aquela mesma noite coa idea de iren á muiñada.